


Por que innovar?


Porque para ser competitivos hai que estar na vangarda da innovación e así competir cos grandes fabricantes que dispoñen de máis recursos económicos para investir en fabricación, distribución e comercialización.

A nosa forma de diferenciarnos é desde a innovación de produtos. Somos meticulosos no proceso do deseño áxil na fabricación. Estes atributos permítenos lanzar produtos pioneiros e abrir mesmo novas categorías de produtos e permanecer no lineal cando chega a competencia.

Cada peme debe atopar o seu oco no mercado e utilizar o mellor posible os seus activos máis distintivos, para competir desde calquera pobo de Galicia. Trátase de ser diferentes, de ser únicos e coidar aos clientes.



Todo o que hai que saber sobre innovación está nos nosos cadernos, bota un vistazo.



Coñece outras historias de éxito da innovación galega protagonizadas por pemes.

Contacta con nós para poñer en marcha o voso propio proceso innovador.

Programa de impulso á innovación nas pemes

Área de Servizos

Axencia Galega de Innovación

981 957 300

gain@xunta.gal

Rúa Airas Nunes s/n

15702 – Santiago de Compostela

gain@xunta.gal



<http://gain.xunta.gal>



PROGRAMA
**IMPULSO
Á INNOVACIÓN**
nas Pemes

Disiclín

“**A nosa diferenciación baséase na innovación e fabricación áxil de novos produtos,**”

Todo comezou no ano 1992, cando a familia Ramos López, emigrantes retornados de Latino América, fundaron a súa primeira fábrica de deterxentes no concello de Silleda, no corazón de Galicia. O propósito de Disiclín é coidar de cada fogar e de cada familia, coas súas peculiaridades e necesidades. Por iso, en Disiclín innóvase cada día, para dar valor aos clientes e ser pioneiros en novas categorías de produto para competir nun mercado dominado polas grandes empresas grazas á súa axilidade no lanzamento de novos produtos.





DISICLÍN

Competir coa innovación de produtos

NOME: DISICLÍN

LOCALIZACIÓN: SILLEDA, PONTEVEDRA

INICIO ACTIVIDAD: 1992

SECTOR: FABRICACIÓN DE DETERXENTES



En Disiclin fabricanse máis de 200 produtos para a limpeza do fogar de distintas variedades, cheiros e propiedades. Un produto para cada momento, un produto para cada lugar. Desde superficies de madeira ou mármore até produtos para limpar a cociña ou o baño.

A empresa e os produtos se teñen que ir adaptando a novos costumes de consumo, novos conceptos de familia e novas necesidades de limpeza que propiciaron que se desenvolvan unha ampla gama de produtos que cubran as novas necesidades dos consumidores actuais.

Disiclin compite en sector moi maduro, dominado polos grandes

fabricantes multinacionais, onde o lanzamento de produtos disruptivos é difícil e o investimento en tecnoloxías habilitadoras de automatización e robotización na cadea de fabricación é limitada para calquera peme.

Así que para ser competitiva, a estratexia de Disiclin é a innovación constante orientada a escoita activa das necesidades cambiantes dos usuarios e un laboratorio de I+D+i adicado á investigación no campo da enxeñaría química, a vixilancia tecnolóxica do mercado e o desenvolvemento das capacidades de innovación, para de levar a cabo o lanzamento de novos produtos de forma áxil.

Disiclin atopou o seu oco neste mercado descifrando con dilixen-

“Para nós o programa Reacciona permitiunos levar a cabo tres proxectos de innovación en procesos moi útiles”



cia, os atributos de valor e coñecendo a percepción das fragancias nos produtos de limpeza para o fogar dos usuarios, mesmo por zonas xeográficas.

Para levar a cabo esta estratexia de innovación, o equipo de Disiclin creou os seus propios desenvolvementos técnicos e un estándar de avaliación da súa eficacia.

A investigación constante en novas moléculas e formulacións fai que o equipo de I+D+i estea na vangarda do sector, independentemente do seu tamaño.

Ademais, todo isto realízase mentres fabrican e comercializan máis de 200 produtos de desinfección ideais para manter o fogar libre de virus bacterias e fungos co obxectivo de protexer os fogares dos seus clientes. Principio do formulario Final do formulario

Disiclin participou no programa

Reacciona da Xunta de Galicia para mellorar a competitividade do tecido empresarial e promover o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a investigación nas pemes galegas.

Tal e como nos explicou Ignacio Duaso, CEO de Disiclin, “para nós o programa Reacciona permitiunos levar a cabo tres proxectos de innovación en procesos moi útiles: en primeiro lugar, aplicar un novo modelo de organización produtivo. O segundo proxecto foi a implementación da metodoloxía 5S de Toyota en orde e limpeza na fábrica. E en terceiro lugar, o proxecto de innovación de novos procesos no laboratorio de I+D+i”.

Os resultados deste tres proxectos de innovación foron beneficiosos para a peme porque analizaron os problemas e as oportunidades de mellora do proceso de fabricación e envasado contribuíndo á redución de custos e tempo e así

gañar produtividade. Actualmente fabrican máis de 20 millóns de produtos anuais.

A posta en marcha a metodoloxía 5S de Toyota baseada o cinco principios; organización, orde, limpeza, estandarización e mantemento, contribuíu á mellora duradeira das instalacións e ao incremento da motivación do equipo, grazas á súa implicación directa no coidado do seu propio espazo de traballo.

E a incorporación de novos procesos no laboratorio permite a Disiclin seguir avanzando en I+D+i. Un elemento fundamental para a sustentabilidade da peme que dá traballo a máis de 40 persoas no concello de Silleda, no corazón de Galicia.